

Decorrida a metade do período para o que fomos elixidos como representantes sindicais, queremos dar conta do noso traballo nos diferentes órganos de representación da Universidade, ao tempo que revisamos o cumprimento do programa co que nos presentamos as eleccións sindicais.

Como sabedes, o noso obxectivo na Presidencia da XPDI é en todo momento chegar a consensos co resto de sindicatos. Nesta liña, acadáronse pronunciamentos unánimes en case todos os temas tratados, elaborándose escritos que logo foron difundidos ao PDI. Por exemplo e por citar as máis recentes: a reclamación sobre o atraso no abono dos complementos retributivos (sexenios), ou o apoio ás medidas conxuntas das tres Universidades para protestar pola redución salarial.

Tamén estamos satisfeitos do noso traballo na comisión de Acción social na que solicitamos reiteradamente, e finalmente conseguimos, que as actas das reunións estivesen en la web a disposición de todo o persoal da Universidade. Así mesmo, contribuímos a acadar un acordo, que esperamos sexa ratificado por todos, para que a representación PDI-PAS sexa paritaria (anteriormente a maioría correspondía ao PAS). Isto esperamos que se traduza nun reparto máis xusto e unha maior consideración do PDI para o reparto das axudas.

En terceiro lugar conseguiu-se por fin que o PDI poida gozar do seu período de vacacións fóra do mes de agosto. O éxito desta medida viuse claramente reflectido no número de PDI que xa se acolleron a esta posibilidade.

O foro máis importante onde temos presenza (dous representantes) é a Mesa de Negociación. Neste punto podemos destacar os seguintes asuntos:

1) Xubilacións: Aprobouse un novo plano de xubilación, con condicións máis restritivas que as anteriores. Hai que dicir que neste tema as decisións están moi condicionadas polos decretos do goberno central, polo que é moi probable que nin as novas condicións se podan respectar por impedimento legal.

2) Plano promoción: non nos opuxemos ó desenvolvemento do plano de promoción como viña proposto pero solicitamos, unha vez máis, que viñera acompañado doutras medidas que permitan mitigar os desequilibrios entre áreas. De calquera xeito hai que dicir o mesmo que no punto anterior, e a normativa estatal fai moi difícil cumprir con este plano.

4) Taxa reposición: Aprobáronse recentemente os mecanismos para convocar as dúas prazas de funcionario que lle corresponden á Universidade como taxa de reposición (o 10 % do número de xubilacións). Apoiamos a proposta de que foran de TU cara unha maior estabilización do persoal docente fronte a situación actual e os criterios que defendimos baseábanse na necesidade real das ditas prazas (é dicir, priorizar as necesidades docentes sobre calquera outra consideración).

5) Redución salarial: Neste asunto debemos confesar a nosa absoluta decepción e frustración polo procedemento seguido para cumprir as ordes da Xunta de Galicia e levar a cabo unha redución dun 5% na masa salarial na Universidade. Como sabedes, o criterio seguido foi actuar sobre os complementos autonómicos e o complemento específico das pagas extraordinarias. Este método levou a que a redución afectara máis ao persoal máis produtivo, deixando fóra ao PDI que non tiña eses complementos. Para nós era inaceptable, e así o dixemos en toda ocasión, aínda que ao cabo o equipo rectoral aplicou este método aferrándose os famosos “Criterios interpretativos” da propia Xunta de Galicia. Queremos dicirvos que, malia

o fracaso, non damos o asunto por pechado, e tentaremos aproveitar este ano electoral para retomar este asunto cos candidatos a Reitor, tentando acadar deles un compromiso que evite a discriminación do persoal máis produtivo da Universidade.

6) Adicación docente básica (Decreto Wert): Un dos temas máis importantes tratado na mesa de negociación foi o relativo á aplicación do decreto Wert de cara á elaboración dos PODs dos departamentos. A idea do decreto de establecer distintos tipos de adicación en función dos méritos de cada PDI pareceunos positiva. Pero apoiar esa filosofía non implica apoiar o decreto, pois cremos que as diferenzas entre os distintas adicacións son excesivas (un PDI con adicación máxima impartiría o dobre de docencia que un con intensificación investigadora), ademais de sermos conscientes de que a idea do Ministerio non é outra que o aforro de custes e non o de incentivar a produción científica do PDI. Por iso a proposta do equipo de goberno incorporando unha nova categoría intermedia entre a adicación regular e a máxima pareceunos aceptable, co engadido de admitirse unha das proposta da AGPTU pola que se incorporaban a esta adicación intermedia un gran número de PDI encadrado inicialmente na adicación máxima. Con todo, amosamos o noso desacordo coa diminución aprobada nos recoñecementos en POD por outras actividades, xa que non se aceptou manter os mesmos de cursos anteriores nin incorporar as nosas propostas relacionadas coa conciliación da vida laboral e familiar ou por motivos de saúde

Como resumo xeral deste apartado, hai que dicir que os resultados obtidos logo de moitas xuntanzas da Mesa de Negociación non son en absoluto satisfactorios, pero como facemos en todos os foros onde somos invitados seguiremos presentes nela cunha posición construtiva, defendendo as alternativas que consideremos viables.

Para finalizar, e de cara ao futuro, a Mesa de Negociación tentará consensuar o chamado Plano de Dedicación Académica Individual (PDAI). O método de traballo acordado é o da constitución dunha comisión integrada por un representante de cada sindicato e dous membros do equipo de goberno coa finalidade de redactar un texto base que logo sería levado á Mesa de Negociación. Dicir que a comisión tivo xa unha primeira reunión na que se acordou partir de cero e ir madurando ideas. De calquera xeito, como filosofía xenérica do futuro documento, enténdese que este debe delimitar dun xeito preciso a parte docente, a investigadora, e a de xestión, de xeito que cada profesor reparta as súas 1664 horas/ano de traballo. Na opinión da AGPTU, o PDAI parécenos un asunto moi relevante e que pode ter consecuencias no futuro, polo que nos comprometemos a mantervos informados dos avances que se vaian producindo no documento e a consultar a vosa opinión nas cuestións que consideremos trascendentes. De feito, no momento de redactarmos este boletín xa temos convocada unha xuntanza de información/recollida de suxerencias cos socios.

Polo de agora isto é todo. Coma sempre, despedímonos lembrándovos que tedes á vosa disposición o noso enderezo electrónico agptu@uvigo.es para poñervos en contacto con nós sobre calquera asunto que vos interese.

Saúdos e ata a próxima,

AGPTU - VIGO